

ANUNCIO**CONSULTA PÚBLICA DE REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE VEDRA**

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, co obxecto de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Regulamento de réxime interno do pavillón polideportivo municipal de Vedra, solicítase opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- c) Os obxectivos da norma
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Os cidadáns , organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos formulados no seguinte cuestionario durante o prazo de vinte días , a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	Evitar problemas de convivencia entre os usuarios das distintas actividades que se levan a cabo nas instalacións
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A utilización da instalación por distintos colectivos fai necesario regular a convivencia entre eles
Obxectivos da norma	Regular o funcionamento da instalación para unha óptima consecución dos obxectivos de fomentar , promover e difundir o deporte
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	Resultar preciso aprobar un Regulamento porque actualmente o concello carece de toda clase de regulación

Vedra, 24 de xullo de 2024
O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo